

**REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL
DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

ACTA Nº 2

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerente:

Manuel Fernández Jauregui

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción de acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO) (Presidente)

Marisa Magaz Ledo (CCOO)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Carlos Mollinedo (CIG)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)

Luciano Otero Camiña (CIG)

Manuel Marcos García (CCOO)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)-Presidente

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 10:30 horas, do 27 de setembro de 2017 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación e sinatura da acta da reunión previa de data 20 de xullo de 2017.

Apróbase e asínase a acta da reunión anterior.

2. Negociación do concurso de traslados do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.

O Xerente lembra que na anterior reunión solicitara aos comités que hoxe presentaran por escrito o cronograma para desenvolver os procesos de promoción interna e concurso restrinxido, previos ao concurso xeral de traslados.

O Presidente do Comité de Empresa de Ourense (CEO) expresa que non fixo ningún cronograma porque non hai punto de partida. Explica que o Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) non lle comunicou a intención de reunirse para acordar un temario de T.E. de Servizos Xerais e as fases. Que consideraba importante a data do 30 de xullo de 2017 e que se non hai vontade de todas as partes non se pode facer.

O Presidente do CEPO di que de ter tanta presa, o Presidente do CEO debería telo chamado para acordar os asuntos pendentes; considera que o temario non debería variar apenas respecto do anterior. Entrega o cronograma proposto polo CEPO

O Presidente do CEO indica que si que era urxente ligándoo ao concurso, co obxectivo de liberar prazas de A.T. de Servizos Xerais. Na anterior reunión o Xerente falara de convocalo en xaneiro de 2018.

O Xerente le a proposta do CEPO que menciona un concurso de traslados limitado a T.E. de Servizos Xerais e simultaneamente unha promoción interna para os AT SX, que se aprobara na OEP de 2016.

O Presidente do CEPO resalta que estes procesos deben ser simultáneos, para que as 4 prazas de AT SX liberadas se inclúan no concurso de traslados.

O Presidente do CEO valora como razoables as datas do documento do CEPO.

O Xerente está de acordo.

O Presidente do CEO di que a sentenza do concurso de méritos apra cubrir postos de responsables afecta ao de traslados.

O Xerente sinala que a universidade a recorrerá perante o Tribunal Supremo e en función do que suceda se actuará como proceda.


O Presidente do CEO indica que sen concurso de responsables ve difícil o concurso xeral, porque descoñece se tales postos se poden ofrecer, se calquera se podería presentar, algo co que non está de acordo.

O Xerente salienta que o concurso foi recorrido por todos os sindicatos e que se de confirmarse a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, os postos de responsables deberán cubrirse exclusivamente por antigüidade, que é o modelo que defenden os sindicatos.

O Presidente do CEPO di que prefire enfrontar o problema cando se produza.

O Xerente manifesta que cando se negocie o concurso de traslados haberá que tratalo e mentres habería que pechar a convocatoria de TESX e o miniconcurso.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 11:30h

Three handwritten signatures in blue ink. The first signature on the left is a long, sweeping horizontal stroke with a diagonal line crossing it. The middle signature is a circular, cursive scribble. The signature on the right is a smaller, more compact scribble.